

Disposición adicional única. *Liquidacións de cotas dos artistas, anteriores ao 31 de decembro de 2002.*

As cotizacións sociais relativas aos artistas, liquidadas á conta segundo a normativa vixente ata o 31 de decembro de 2002, terán carácter de definitivas para empresas e traballadores.

Disposición transitoria única. *Efectos retroactivos dos puntos cinco e seis do artigo primeiro.*

O disposto nos puntos cinco e seis do artigo primeiro seralles aplicable ás liquidacións de cotas posteriores ao 1 de xaneiro de 2003 relativas aos artistas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Desde a entrada en vigor deste real decreto, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao preceptuado nel.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de aplicación e desenvolvemento.*

Facúltase o ministro de Traballo e Asuntos Sociais para ditar as disposicións que resulten necesarias para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día primeiro do terceiro mes seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de febreiro de 2004.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Traballo e Asuntos Sociais,
EDUARDO ZAPLANA HERNÁNDEZ-SORO

XEFATURA DO ESTADO

5049 *CORRECCIÓN de erros da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. («BOE» 68, do 19-3-2004.)*

Advertidos erros na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 14 en lingua galega, do 24 de novembro de 2003, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 2284, disposición derradeira primeira, primeira columna, punto seis, primeiro parágrafo, onde di: «Seis. Engádese unha disposición adicional sexta...», debe dicir: «Seis. Engádese unha nova disposición adicional sétima...».

Na mesma páxina, disposición derradeira primeira, primeira columna, punto seis, segundo parágrafo, onde di: «Disposición adicional sexta. Fomento da sociedade da información», debe dicir: «Disposición adicional sétima. Fomento da sociedade da información».

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

5117 *REAL DECRETO 430/2004, do 12 de marzo, polo que se establecen novas normas sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, e se fixan certas condicións para o control das emisións á atmosfera das refinarias de petróleo. («BOE» 69, do 20-3-2004.)*

A Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, estableceu no seu artigo 3.1 que os titulares de focos emisores contaminantes á atmosfera, calquera que fose a súa natureza, están obrigados a respectar os niveis de emisión que o Goberno estableza previamente con carácter xeral.

A Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación, establece no seu artigo 7.2 que o Goberno, sen prexuízo das normas adicionais de protección que diten as comunidades autónomas, poderá establecer valores límite de emisión para as substancias contaminantes, en particular para as enumeradas no seu anexo 3, e para as actividades industriais incluídas no seu ámbito de aplicación.

O Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 38/1972, do 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico, estableceu os niveis de emisión de contaminantes á atmosfera das principais actividades industriais potencialmente contaminadoras da atmosfera.

O Decreto 833/1975, do 6 de febreiro, foi modificado en varias ocasións, entre elas por medio do Real decreto 646/1991, do 22 de abril, polo que se establecen novas normas sobre limitación ás emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, e polo Real decreto 1800/1995, do 3 de novembro, polo que se modifica o Real decreto 646/1991, do 22 de abril, polo que se establecen novas normas sobre limitación ás emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión e se fixan as condicións para o control dos límites de emisión de SO₂ na actividade da refinación de petróleo.

O Real decreto 646/1991, do 22 de abril, incorporou ao ordenamento xurídico español a Directiva 88/609/CEE do Consello, do 24 de novembro de 1988, sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión.

O Real decreto 1800/1995, do 3 de novembro, ademais de establecer unhas determinadas condicións para o control dos límites de emisión de SO₂ na actividade da refinación, modificou o Real decreto 646/1991, do 22 de abril, ao incorporar á lexislación española a Directiva 94/66/CE do Consello, do 15 de decembro de 1994, pola que se modifica a Directiva 88/609/CEE.

No marco da estratexia comunitaria para combater a acidificación, desenvolvida segundo os obxectivos sobre esta materia do V Programa de Acción Comunitaria en Materia de Ambiente, de non superar unhas cargas e niveis críticos de determinados axentes acidificantes, o Parlamento Europeo e o Consello adoptaron, ademais da Directiva 2001/81/CE, do 23 de outubro de 2001, sobre teitos nacionais de emisión de determinados contaminantes atmosféricos, a Directiva 2001/80/CE, do 23 de outubro de 2001, sobre limitación de emisións á atmosfera de determinados axentes contaminantes procedentes de grandes instalacións de combustión, que vén derrogar a Directiva 88/609/CEE do Consello, do